

MEMORIA 2024




SCOUTS®
Construir un Mundo Mejor

ASDE
España

O escutismo únenos,
a solidariedade fortalécenos







SCOUTS®
Construir un Mundo Mejor

ASDE
España

ÍNDICE



CARTA DO PRESIDENTE

Adrián Rodríguez Pernas

Presidente de
ASDE-Scouts de España





n dos trazos principais que caracteriza o escutismo é a súa actitude de servizo á sociedade. Esta é a forza que empurra este movemento a construír un mundo mellor dende a nosa infancia e que nos compromete coa acción voluntaria e a solidariedade.

A catástrofe da DANA puxo precisamente en valor a capacidade de mobilización e organización da mocidade española, a miúdo cuestionada. Para ASDE-Scouts de España, a xuventude e a infancia son o presente da nosa organización e o motor que constrúe o futuro tomando como alicerces a igualdade, o respecto e a responsabilidade social. Por este motivo, os nosos programas céntranse en formar e fortalecer a súa participación social, o coñecemento dos seus dereitos, a prevención da violencia, a igualdade de xénero e a promoción do voluntariado, entre outras cousas.

Como presidente desta entidade, é un orgullo ver como máis de 2000 persoas scouts de toda España se organizaron fronte á emerxencia social e ambiental que se viviu en Valencia. Os grupos de scouts da Comunidade Valenciana, preferentemente, pero tamén de moitas outras rexións, mobilizáronse axiña, recollendo doazóns, organizando actividades solidarias e desprazándose ás poboacións máis afectadas.

Dende ASDE-Scouts de España, habilitamos ademais unha conta para dar resposta ás necesidades detectadas pola nosa organización federada ASDE-Scouts Valencians, na que se recadaron máis de 20 000 euros en achegas benéficas.

A nosa mocidade é a mellor embaixadora do Movemento Scout e as súas accións son o mellor xeito de que a sociedade rompa os estereotipos que nos rodean e coñeza o verdadeiro valor do escutismo. Por iso, este ano tamén traballamos activamente na participación de mozas e mozos scouts en diversos espazos e medios de comunicación, onde puideron expresar en primeira persoa os beneficios que lles achega o escutismo e o sentido do seu labor voluntario.

Con esta mesma actitude de servizo que amosa a nosa xuventude, encaro estes dous anos á fronte da organización como presidente de ASDE-Scouts de España, canda un Equipo Scout preparado para asumir o reto. O lema da nosa candidatura, «O que nos une», guiará as nosas decisións, centradas en seguir a apostar por un escutismo de calidade, potenciando o noso programa educativo e o coidado da persoa voluntaria como peza chave da nosa organización.

Cos nosos acertos e erros, non teñades dúbida de que o meu equipo e eu habemos percorrer este camiño cunha actitude de servizo, pondo sempre a infancia e a xuventude no centro de cada unha das nosas decisións.



**“É un orgullo ver
como máis de 2000
persoas scouts de
toda España se
organizaron fronte á
emerxencia social e
ambiental que se
vivió en Valencia”.**

1- IDENTIDADE

Equipo Scout



Adrián Rodríguez Pernas
Presidencia



Ana María Aguilar Gómez
Vicepresidencia



Ignacio Martín Guillem
Secretaría



Alberto García Fernández
Tesorería



Vicente María Corrales Sanz
Educación Scout



Marta Arnaldos Payá
Apoyo a Grupos e Crecemento



Álvaro Ortega Maldonado
Voluntariado e Formación



Mohamed Abdelkader Kichouh
Comunicación



Sofía Galán Arévalo
Internacional



Silvia Fernández Arenas
Participación



O novo Equipo Scout foi elixido na Asemblea de novembro de 2024.

ASDE-Scouts de España é unha organización civil, sen ánimo de lucro, de libre adhesión, plural e con carácter político non-partidista. Composta por 17 organizacións federadas, fundouse en 1912 e foi declarada de Utilidade Pública en 1977. Fai parte da Organización Mundial do Movemento Scout, o maior movemento xuvenil do mundo.


MISIÓN

Contribuír á educación e o desenvolvemento de persoas críticas, principalmente durante a infancia e a mocidade, a través dun sistema de valores baseado na promesa e a lei scouts, para que as persoas medren cunhas capacidades que lles permitan desenvolverse como adultas cun nivel de autonomía e liderado amplos, co obxecto de contribuír a crear un mundo mellor.

VISIÓN

En 2027, ASDE-Scouts de España será un movemento implantado en todo o territorio, un referente na nosa sociedade para a educación non-formal e o tempo libre na infancia e a mocidade, que se converterá en exemplo de servizo á sociedade grazas ao seu compromiso cun cambio social e ambiental, e á acción do seu voluntariado. Será especialmente recoñecido por liderar e defender propostas de participación infantil e xuvenil.

VALORES



Educar na liberdade, a xustiza, a igualdade, a solidariedade e a responsabilidade persoal e social.

- Promover os valores espirituais inherentes á persoa.
- Esptar o espírito crítico, transformador e participativo.
- Impulsar a comprensión e o desenvolvemento na nosa sociedade.
- Empoderar a infancia e a xuventude.

2 - SCOUTS EN CIFRAS

34.426

Persoas asociadas



7.833

Persoas voluntarias

309

Grupos Scouts



17

Organizaciones
Federadas



71.432

Seguidores entre Facebook,
Instagram, X e Youtube

2,18%

Crecimiento interasociativo
respecto a 2023



3- QUE FACEMOS?

★ INFANCIA

Programa Participación, Calidade de Vida e Dereitos da Infancia

Ten por obxectivo a posta en marcha de actuacións dirixidas a promover o pleno goce dos dereitos para toda a poboación, especialmente da infancia e a adolescencia, garantindo a participación das persoas menores de idade na xestión e a avaliación do programa e incorporando a perspectiva de xénero.

Inclúe a campaña «A infancia participa» e accións da «Comisión da Infancia e a Adolescencia» para o fortalecemento dos procesos de participación.



O PROGRAMA EN CIFRAS



9.614

BENEFICIARIAS

936

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 873

★XUVENTUDE



BOTA UNHA OLLADA
AOS TESTEMUÑOS DA
XUVENTUDE BENEFICIARIA

Programa Educación para a Saúde

O obxectivo principal do programa é a difusión, información, asesoramento, sensibilización e empoderamento da mocidade a través da educación para a saúde, impulsando actitudes para a prevención dos riscos para a saúde e o fomento de hábitos saudables. En 2024, promovemos, entre outras accións, a adquisición de hábitos que garantisen o seu benestar físico e mental, previndo o suicidio e rematando co estigma dos problemas de saúde mental.

O PROGRAMA EN CIFRAS

19.347

BENEFICIARIAS

696

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 415

Programa Educación e prevención do VIH e as ITS para a mocidade no tempo libre

O seu obxectivo é ofrecer información sobre o VIH/sida, cambiar actitudes, intervir no comportamento preventivo da xuventude, desmontar prexuízos e loitar contra a estigmatización, apoiando así o traballo dos grupos scouts e as organizacións federadas neste ámbito preventivo. Traballamos na prevención e na mellora da calidade de vida, con enfoques para a mellora persoal e a formación de axentes de cambio na nosa contorna.

O PROGRAMA EN CIFRAS

10.200

BENEFICIARIAS

400

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 130





Programa Prevención da violencia dende a educación non-formal

Ten como obxectivo principal informar, sensibilizar e previr na xente nova condutas antisociais, de violencia, racismo e todo tipo de discriminación e incitación ao odio por calquera outra condición persoal ou social, así como trastornos da conduta grupal. Estas actividades realízanse no marco do lecer educativo e o tempo libre, fomentando a igualdade, a inclusión social, a convivencia e a participación.



O PROGRAMA EN CIFRAS

.....

10.212

BENEFICIARIAS

676

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 585

Programa Violencia de Xénero

Campaña «**Ponlle fin dende o principio**», dirixida aos grupos scouts: o seu obxectivo foi sensibilizar, identificar e reflexionar arredor da detección precoz de situacións de violencia de xénero, como previla e como detela, desenvolvendo actividades educativas que traballen os mitos do amor romántico, o acoso por cuestións de xénero nas redes sociais, os roles e estereotipos de xénero, os celos, as condutas controladoras... Formación en liña «**Contra o machismo, escutismo**»: prevención das violencias machistas na adolescencia e a xuventude», destinada a xente nova e persoas educadoras voluntarias.



★ VOLUNTARIADO

Programa Promoción de actividades de voluntariado, participación social e dereitos de cidadanía

O programa pretende fortalecer e fomentar as accións de voluntariado como cidadanía activa, crítica e comprometida coa mellora social. Para acadar o seu obxectivo, favorece a mellora das relacións entre a cidadanía e as institucións, contribúe á creación de sociedades máis igualitarias e inclusivas, e prioriza a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Busca promover e medrar nun voluntariado preparado, formado, motivado e comprometido cos novos retos sociais.



O PROGRAMA EN CIFRAS

9.554

BENEFICIARIAS

1.468

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 261



4 - IMPACTO SOCIAL

Igualdade de Xénero

Seguimos a traballar no establecemento de puntos violeta nas grandes actividades scouts. No mes de abril, publicamos a **Guía de actuación en puntos violeta** e un formulario para que as organizacións federadas e os grupos scouts solicitasen materiais de difusión para a súa posta en marcha.

Durante o ano 2024, realizáronse 13 puntos violeta: 2 desenvolvidos por ASDE-Scouts de España e 9 por diferentes organizacións federadas e grupos scouts. Salientamos aqueles que se estableceron en feiras, semanas culturais e festas, dado o seu grande impacto e visibilidade. Participaron arredor de 80 persoas voluntarias.



Bolsas Scouts

Por undécimo ano consecutivo, convocamos o programa de Bolsas Scouts, coa intención de axudar as cativas, os cativos e a mocidade dos Grupos Scout da organización que, por diversas circunstancias económicas familiares, teñen dificultades para participar nas actividades do seu grupo scout. Recibimos e revisamos un total de 540 solicitudes dentro do prazo establecido e puídemos outorgar 180 bolsas de 250 € cada unha, co que esgotamos os 45 000 € de dotación da campaña.

Doazón do Festival Scout á Asociación Cultural Virgen de Serrias

1.426 €



Doamos preto de 1500 euros recadados durante o Festival Scout de 2024 á Asociación Cultural Virgen de Serrias, que traballa na recuperación do patrimonio cultural de Soto en Cameros (A Rioxa).

Bota unha ollada aos testemuños dalgúns dos grupos que axudaron ás zonas afectadas pola DANA



Máis de 2000 scouts de toda España mobilizáronse fronte á emerxencia social e ecolóxica causada pola DANA en outubro de 2024.

Implicáronse especialmente coa Comunidade Valenciana, a rexión máis afectada, pero tamén con outras comunidades como Castela-A Mancha, Andalucía e Aragón.

Grupos de scouts de todo o Estado colaboraron de diversas maneiras: recollendo doazóns, organizando actividades solidarias e viaxando ás zonas máis afectadas para axudar na loxística ou nos equipos de limpeza. Fieis á lei scout, amosamos unha vez máis que a persoa scout é útil e servicial, é responsable, non fai nada a medias e, ademais, é animosa ante o perigo e as dificultades.



23.825,83 €

Recadados para axudar nos danos causados
pola DANA en 2024



5- PRESENZA INSTITUCIONAL

Principais actos e participación institucional



A scout Zoé Fauthoux, do Grupo Scout Albayzín 524, foi seleccionada para facer parte do **Consello Estatal de Participación da Infancia e a Adolescencia (CEPIA)**.



Con motivo do Día Mundial sen Tabaco, participamos na mesa de debate «**Xuventude líder contra o tabaco**», organizada polo Ministerio de Sanidade.



Asistimos ao acto institucional de clausura da **Asemblea Estatal de Cruz Vermella Xuventude**.



Tivemos unha xuntanza co **secretario de Estado de Xuventude e Infancia** e a directora xeral do Injuve para presentar-lles o noso labor educativo.



Asinamos un convenio de colaboración coa **Asociación Española Contra o Cancro (AECC)** para traballar en accións de prevención e participar no **Proxecto Zero**, cuxo obxectivo é conseguir unha xeración **libre de tabaco no 2030** en España.



Facemos parte



Colaboraciones





Premio Saúde e Xuventude (Fundadeps).



Premio á Personalidade Climática Xove (The Climate Reality Project Europe).



Cruz de Ouro da Orde Civil da Solidariedade Social (Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social).



Mención ao Impulso da Igualdade no Terceiro Sector (Federación de Mujeres Progresistas).



Medalla de Ouro da Cruz Vermella polo traballo realizado a prol da integración no proceso educativo de todas as persoas sen discriminación ningunha.



Premio Nacional contra a Violencia de Xénero.



Premio Alares, en recoñecemento ao labor que realizamos en favor da conciliación da vida laboral, familiar e persoal e pola responsabilidade social.



Mención Honorífica pola Defensa da Igualdade (Delegación do Goberno en Castela-A Mancha).



Premio Nacional de Medio Ambiente (Ministerio do Medio Ambiente).



Premios Plumas (FELGTB).



Gravata da Orde Civil de Afonso X o Sabio (Goberno de España). Máximo recoñecemento ao labor educativo integral da infancia e a xuventude.



Premio Estatal ao Voluntariado Social.



Cruz Branca da Orde ao Mérito (Plan Nacional sobre Drogas).

Premios





6- QUE DIN DE NÓS?

EBOTA UNHA OLLADA ÁS ÚLTIMAS
NOVAS NAS QUE APARECEMOS



Resultados do Plan de Comunicación 2024

En 2024, grazas a un plan de comunicación externa, conseguimos achegar a misión do Movemento Scout a moitas persoas de toda España que, non só se interesaron polo voluntariado scout, senón que tamén coñeceron o verdadeiro significado da palabra escutismo e deixaron atrás moitos dos estereotipos e mitos que sempre rodearon a comunidade scout.



Accións de comunicación e relacións públicas

- ★ **2** notas de prensa.
- ★ **+32** impactos en medios de comunicación: prensa en liña, radio e televisión.
- ★ **Medios rexionais destacados:** Telemadrid, Canarias Radio, TV Canaria.
- ★ **Medios estatais destacados:** Telecinco, 20 Minutos, La Vanguardia, Capital Radio.
- ★ **Audiencia:** 7,3 millóns de usuarios/as.



Impacto en cifras da campaña de incorporación de persoas voluntarias



+680 contactos de posibles voluntarios/as.



+2 millóns de impresións.



+11K clics.



2 accións con influencers = +700 000 impresións e +1000 clics.



7- AS NOSAS ACTIVIDADES

Roverway 2024. Do 22 de xullo ao 2 de agosto (Noruega)

Baixo o lema «**North of the ordinary**», o continxente español, no cal 170 da mocidade participante pertencía a ASDE-Scouts de España, puido descubrir, canda rovers de máis de 20 países europeos, paisaxes norueguesas espectaculares e vivir unha grande aventura. As persoas participantes xuntáronse en pequenos equipos de diferentes nacionalidades para exploraren diferentes rutas por toda Noruega. Foron uns días de moita diversión que permitiron compartir experiencias, coñecementos e ideas.



JOTA-JOTI 2024

JOTA-JOTI é a xuntanza virtual e radial máis grande do mundo, que promove a amizade e a cidadanía global entre as 176 organizacións scouts que existen no planeta. En 2024, tivo lugar do 18 ao 20 de outubro, coa participación de 450 persoas de 7 organizacións federadas.





18º Foro Rover

Foi un espazo participativo, educativo e xuvenil. A xuntanza anual celebrouse os días 23 e 24 de novembro de 2024 en Guadarrama (Madrid). Houbo varias mesas de traballo: Escutismo e lugares, Estrutura, Regulamentos e Participación do Foro Rover e Expectativas de Éxito e Autopercepción.

Premios Scouts

Entregamos os Premios Scouts 2024 á **Fundación Palliri**, vencellada ao Grupo Scout Balate Mula, polos seus proxectos educativos para menores en Bolivia, e ao **Instituto da Xuventude de Castela e León**, en recoñecemento ao seu apoio continuado a Exploradores de Castilla y León.



Medalla ao Mérito

Na asemblea de xuño de 2024, outorgámoslle a **Medalla ao Mérito**, unha das máis altas distincións e recoñecementos que concede ASDE-Scouts de España, a **David Navalón Mateos**.

Encontro Sendas 2024

.....

SENDAS é unha xuntanza de scouts para convivir e compartir experiencias, un espazo para a aprendizaxe e a motivación do voluntariado scout. Tivo lugar en Morga (Biscaia), do 8 ao 10 de novembro, e participaron 28 persoas de 10 organizacións federadas.



Consellos e asembleas

.....

En **2024**, celebramos **6 reunións do Consello Scout e 2 asembleas**. Entre os diversos acordos acadados nestas xuntanzas de representación, os máis importantes foron: a aprobación das contas anuais do exercicio anterior, **a Política da Canle de denuncias, o Plan de Transformación Dixital** e a elección dun novo Equipo Scout para o período 2024-2027.





Festival Scout 2024


Logroño, a capital da Rioxa, acolleu o **XLIX Festival Scout**, no que participaron 2000 persoas, entre cativas e cativos, xente nova, as súas familias e voluntariado procedentes de toda España. A través de actividades ambientais, culturais e sociais, as persoas asistentes desfrutaron de varias xornadas de convivencia, experiencias e educación en valores, ademais da celebración do esperado certame musical, no que o Grupo Scout Okapi 465, de Scouts de Aragón, gañou o Premio á Mellor Canción.



8- TRANSPARENCIA E CALIDADE

Orzamento e gastos 2024

Construíndo un mundo mellor. Contribuíndo á educación e o desenvolvemento da infancia e a mocidade como persoas críticas a través dun sistema de valores baseado na promesa e a lei scouts.



617.552,44 €

Subvencións
percibidas por
ASDE-Scouts
de España

**Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030**

(Convocatoria 0,7%)

415.743,58 €

67,32 %

**Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030**

(Fondo Europeo de Recuperación,
Transformación e Resiliencia)

41.335,09 €

6,69%

**Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030** (INJUVE)

107.098,00 €

17,34 %

Ministerio de Sanidade (División de
Control de VIH, ITS, Hepatites Virais e
Tuberculose)

25.280,00 €

4,09%

Ministerio de Igualdade (Delegación
do Goberno contra a Violencia de Xénero)

15.793,03 €

2,56%

**Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030**

(Régimen General Tercer Sector)

10.609,37 €

1,72 %

**Ministerio de Asuntos Exteriores,
Unión Europea e Cooperación**

1.300 €

0,21%

Outros ingresos


393,37 €

0,06 %

617.552,44 €

Subvencións
percibidas por
ámbitos de
actuación

Modernización e transformación dixital	41.728,46 €
Educación para a saúde	187.285,04 €
Funcionamento da Entidade	117.707,37 €
Promoción e recoñecemento do voluntariado	89.128,94 €
Prevención da violencia	133.109,41 €
Dereitos da Infancia	47.293,22 €
Educación para o desenvolvemento sostible	1.300,00 €



Certificacións

Na actualidade, contamos con tres certificacións: **ISO 9001**, certificación da implantación do sistema de xestión da calidade segundo a norma de referencia **UNE-EN ISO 9001:2015**. **Selo Dona Con Confianza, da Fundación Lealtad**, un certificado de transparencia e boa gobernanza para entidades do terceiro sector. **A certificación EFR** (Empresa Familiarmente Responsable), da Fundación MásFamilia, como entidade comprometida coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral.



9- SOCIAS SOLIDARIAS



REDE DE AMIGAS E AMIGOS

A iniciativa solidaria de scouts de España

Razóns para colaborar

- ★ A túa achega destínase ao Programa de Bolsas Scouts, que financia os campamentos ou as cotas de nenas, nenos, mozas e mozos scouts con familias en situación de vulnerabilidade.
- ★ En 2024, as achegas da Rede de Amigos financiaron o 10 % do Programa de Bolsas Scouts.
- ★ Podes deducir parte da contía doada na túa declaración de IRPF (as deducións fiscais por doazóns a entidades oscilan entre o 35 % e o 80 % do IRPF).
- ★ Estamos acreditadas co selo «Dona con confianza» da Fundación Lealtad.



Agradecemos a colaboración das persoas que formaron parte da nosa Rede Solidaria de Amigas e Amigos en 2024 (as que están nestas liñas e as que voluntariamente decidiron non estar):

David Navalón Mateos, José Luis Fernández Solís, José Antonio Acosta, José Antonio Nieto García, Elena Cabezas Alcalá, María Antònia Ferrer Perelló, Antonio García Muñoz, Sara del Campo Noguerado, Diego Cobos Chacón, José Antonio Hierro Caldito, Víctor Jesús Cerisola Hidalgo, Javier Manuel Goñi Ganuzas, Javier Morales Hernández, David González Corchado, Rocío Bueno Ruiz, Francisco Ignacio Meri Rondón, Carlos Gordillo López, Enrique Hernández Diez, Lucía de La Rosa Pinedo, Lorena Rodríguez Jiménez, Jesús Espín López, Begoña Gómez Navarro, María Victoria Rico Trujillo, Jesús Miguel Muniesa Monge, Luis María Caro Arroyo e Óscar López Novella.



AQUI ATOPARÁS UNHA RAZÓN
MÁIS DUN SOCIO COLABORADOR

Tamén queremos dar as GRAZAS
aos nosos grupos scouts solidarios:

Grupo Scout TATANKA 658

Grupo Scout AZIMUT 493

Grupo Scout PICU'L SOL 681

Grupo Scout SAMSARA 729

Grupo Scout FINESTRAT 733

Grupo Scout AIZCORRI Scout Taldea

ASde SCOUTS de Galicia



13-14 abril 2024: lahoo e Chapoteos
(actividade de todas as Colonias e
Mandas de Galicia).



11-12 maio 2024: VI Encontro Scout
Galego. 200 scouts de Galicia
reuníronse en Boqueixón.



17 novembro 2024: Asemblea Scout
Galega en Ferrol.



23-24 novembro e 6-7 decembro
2024: Curso de Nó Gilwell realizado
pola Escola Insignia de Madeira
(ESIM) dividido en cursos Básico e
Metodolóxico.



SCOUTS[®]
Construir un Mundo Mejor

ASDE
España



Subvencionado por:

